


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE DE REBOREDA














**BOLETÍN
 INFORMATIVO**

CURSO 2021-2022



ESCUELA PÚBLICA
 DE TOD@S
 PARA TOD@S





CONTACTO

CEIP DE REBOREDA

Camiño do Colexio de Reboreda nº3,
C.P.: 36818 Reboreda – Redondela

Télefonos:


- Secretaría - 886 11 06 62
- Dirección - 886 11 06 63
- Orientación - 886 11 06 64

FAX: 886 11 06 66

Correo electrónico: ceip.reboreda@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipreboreda/>

Blog da biblioteca: <https://biblioblogreboreda.blogspot.com/>



EQUIPO DIRECTIVO

Dirección: M^a Teresa Fernández

Horario: LUNS a XOVES de 8:45 a 9:35 h.

Xefatura de estudos: Marina Novás







Horario: LUNS a XOVES de 8:45 a 9:35 h.




Secretaría: Patricia Rodríguez

Horario: LUNS de 8:45 a 9:35 h.

MARTES de 8:45 a 9:35 h. e de 12:55 a 13:45 h.

XOVES de 8:45 a 9:35 h.





HORARIO ESCOLAR

HORARIO DE CLASES:

O horario de clase é de 8:45 a 13:45 h.

O alumnado poderá acceder ao centro educativo a partir das 8:30, e ata as 8:45, hora na que soará a música e pecharanse as portas.

Para evitar aglomeracións nas portas, rogámoslles aos familiares que non formen aglomeracións nas entradas.

No caso de chegar fóra da hora de entrada, accederase pola porta do patio cuberto.

ENTRADAS E SAÍDAS

O alumnado entrará ao recinto pola porta asignada a medida que chegue, e irá directamente á súa aula, onde o seu titor ou titora o estará esperando.












Educación infantil: accederán ao recinto polo portalón do patio cuberto, e ao centro pola porta de dito patio. (ruta verde).


1ºB, 2º e 6ºA de educación primaria: accederán ao recinto polo portalón principal, e ao centro pola porta principal. (ruta vermella).

1ºA, 3º e 6ºB de educación primaria: accederán ao recinto polo portal do patio superior, e ao centro pola porta de emerxencia da aula de informática. (ruta amarela).

4º e 5º de educación primaria: accederán ao recinto polo portal da parte traseira do pavillón, e ao centro pola porta principal. (ruta azul).

Os pais, nais e titores legais non poderán acceder ao recinto, agás os de educación infantil.





As familias deberán identificar debidamente ás persoas responsables de recoller aos alumnos/as ás horas de saída do centro.


FALTAS DE ASISTENCIA:




Todas as faltas deberán ser debidamente xustificadas. As faltas de asistencia e/ou puntualidade serán notificadas a través do AbalarMóbil.

TRANSPORTE


O alumnado transportado entrará pola porta principal, en canto chegue o autobús, dirixíndose directamente á súa aula.

Aqueles que, por circunstancias persoais, non veñan algún día no autobús, terán que esperar cos seus responsables na entrada que lles corresponda.





CALENDARIO ESCOLAR






O curso escolar comeza o 9 de setembro e rematará o 22 de xuño.












Vacacións escolares:


- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.
- Entroido: os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.
- Semana Santa: desde o día 11 ata o día 18 de abril de 2022, ambos inclusive.



Días non lectivos:

- 11 de outubro: día do ensino
- 12 de outubro: festa nacional.
- 1 de novembro: día de Tódolos Santos.
- 8 de decembro: día da Inmaculada Concepción.
- 25 de abril: día do Cristo. *Festa local.*
- 17 de maio: día das Letras Galegas.
- 16 de xuño: día de Corpus Christi. *Festa local.*





GRUPOS DE CONVIVENCIA

Cada grupo-clase constituirá un Grupo de Convivencia Estable (GCE), en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.


En Educación Infantil, dentro de cada clase estableceranse Grupos Colaborativos dun máximo de 5 alumnos e alumnas.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún compañeiro/a. Cada un disporá dun espazo diferenciado na aula para o seu material. É recomendable que este material esté gardado en contedores propios, como estoxos ou semellantes, e rotulado co seu nome.

Nas aulas haberá material da aula, susceptible de ser compartido. Ao usalo, débese extremar a hixiene de mans antes e despois de usar o material. Este material desinfectarase ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.















USO DA MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal do centro e para o alumnado de primaria durante toda a xornada lectiva, e en todos os espazos do centro educativo. O alumnado de infantil deberá usar máscara, como mínimo, para os desprazamentos polos espazos comúns.



No caso de imposibilidade de usar a máscara, esta deberá estar acreditada polo/a pediatra.

Aparte da máscara que traian posta deberán traer unha de reposto nun estoxo e outro estoxo baleiro para cando teñan que quitar a que levan posta, por exemplo para merendar.









AULAS

As ventás, portas, persianas, contras, interruptores, proxectores... serán usadas unicamente polo profesorado.

Realizaranse tarefas de ventilación frecuente e as portas das aulas estarán sempre abertas, para facilitar a ventilación.

En cada aula haberá unha papeleira de pedal e con tapa, na que se botarán os panos desbotables e as máscaras.





PROFESORADO





Educación infantil:

4º Rosa Mª Martínez González

5º Aida Oitavén Silvoso

6º Esteban Fernández Carreira

Apoio: Ana Isabel Rodríguez Roupeiro



Educación primaria:

1º A Martina Campos Maestú

1º B Belén Rivas Recio

2º A María Comesaña Míguez

2º B Lorena González López

3º A Andrea García Revuelta

4º A Vanessa Barciela Corujeira

4º B Mª Carmen Amoedo Gómez





5º A Verónica Camiña García

5º B Luísa Dacosta Lago

6º A Valentina Freire Vidal

6º B Amparo Otero Pastoriza

Teresa Fernández Pérez






Especialistas:




Inglés: Mª Ángeles Rodríguez Bermúdez e Vanesa Otero

Ed. Física: Amparo Otero Pastoriza e Mercedes del Cano Álvarez

Música: Isabel Mouzo Ameijeiras

Relixión: Mª Dolores Couñago Andrés





Orientación

Orientadora: Lydia Serén Bouzas

A.L.: Patricia Moinelo

P.T.: Marina Novas Pérez

Atención preferente

María Muñños Carrera

Persoal non docente:

Coidadora: Uxía Rodríguez Couñago

TITORÍAS

Ao longo do curso, cada titor e titora atenderá aos pais, nais, ou titores legais do seu alumnado preferentemente de forma telemática (por teléfono, ou vía videoconferencia).













Con carácter xeral, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.


De forma excepcional realizaranse titorías presenciais. Estableceranse horarios específicos para a atención das familias, non coincidentes con horarios de entrada e saída, con intercambios de clase, nin con recreos.

As reunións serán sempre con cita previa.


Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e outros sistemas, como abalarMobil.

O alumnado cuxos proxenitores se atopen en situación de separación legal ou divorcio con sentenza ao respecto, deberán presentar unha copia da sentenza actualizada na secretaría do






centro para formar parte do expediente e non incorrer así en situacións de ilegalidade.







REUNIÓN DE INICIO DE CURSO DOS TITORES COAS FAMILIAS:












Educación Infantil


- 4º: luns 6, ás 10, no salón de actos.
- 5º: luns 6, ás 11, no salón de actos.
- 6º: luns 6, ás 11, na aula.



Educación Primaria

- 1º: martes 7, ás 10:30, no patio cuberto.
- 2º: martes 7, ás 12, no patio cuberto.
- 3º: mércores 8, ás 12, no patio cuberto.
- 4º: martes 7, ás 10:30, na entrada principal.
- 5º: martes 7, ás 12, na entrada principal.
- 6ºA: mércores 8, ás 18, na aula.
- 6ºB: martes 7, ás 18, na aula.





ANPA

Correo electrónico: anpaboboreta@gmail.com




















Teléfono: 617 99 47 89


Plan Madruga:

Horario: 7:45 a 8:45 h.

Servizo de Comedor:

Horario: 13:45 a 16:00 h.





O claustro do CEIP DE REBOREDA deséxalles

un bo curso 2021-2022!

Reboreda, setembro 2021.

